

A Ópera dos
TR3S Reás

Consellería de Cultura e Turismo,
Novataxagalia e Fundación Gaiás-Cidade da Cultura
presentan unha produción do CDG

Dirección e dramaturxia de
QUIKO CADAVAL
Dirección musical de
DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

de **BERTOLT BRECHT** e **KURT WEILL**

CON LUIS TOSAR,

CÉSAR GOLDI, ALBA MESSA, VÍCTOR MOSQUEIRA, MÓNICA DE NUT, MARCOS ORSI, MARTA PAZOS,
FRANCISCO PÉREZ "NARF", MURIEL SÁNCHEZ, BEGOÑA SANTALICES, SERGIO ZEARRETA

Dossier de prensa

www.aoperadostresreas.info

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2010-2011

A Ópera dos
TR3S **Reás**
Dirección e dramaturxia de
QUICO CADAVAL
Dirección musical de
DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ
de **BERTOLT BRECHT e KURT WEILL**
con **LUIS TOSAR**
www.aoperadostresreas.info

Comunicación:

Gabinete de prensa da Consellería de Cultura e Turismo
Tel. 981 545 972 | prensa.cultura.turismo@xunta.es
culturaeturismo.xunta.es

Gabinete de prensa da Agadic
Tel. 981 577 126 - 128 (ext. 105 e 116) | prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.info

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.org



Índice

1. Presentación
2. O Brecht máis galego *por* Roberto Varela Fariña
3. Soño cumprido *por* Blanca Cendán
4. A produción
5. Institucións e entidades
6. Ficha artística
7. Funcións
8. A obra
 - 8.1. Sinopse
 - 8.2. A maldición de Brecht *por* Quico Cadaval
 - 8.3. Desmontando a... Quico Cadaval
 - 8.4. A música
9. Os autores
 - 9.1. Bertolt Brecht
 - 9.2. Kurt Weill
10. Os directores
 - 10.1. Quico Cadaval, dirección escénica
 - 10.2. Diego García Rodríguez, dirección musical
11. Elenco
 - 11.1. Luis Tosar
 - 11.2. César Goldi
 - 11.3. Alba Messa
 - 11.4. Víctor Mosqueira
 - 11.5. Mónica de Nut
 - 11.6. Marcos Orsi
 - 11.7. Marta Pazos
 - 11.8. Francisco Pérez “Narf”
 - 11.9. Muriel Sánchez
 - 11.10. Begoña Santalices
 - 11.11. Sergio Zearreta
12. Equipo artístico
 - 12.1. Pepe Sendón
 - 12.2. Baltasar Patiño
 - 12.3. Carlos Alonso
 - 12.4. Ramón Bermejo
 - 12.5. Suso Alonso
 - 12.6. Mónica García

A dramatic black and white photograph featuring a man in a dark fedora and a woman in a floral dress. The man has a mustache and is looking directly at the camera. The woman is looking towards him with an open mouth. Several hands with red nail polish are reaching out to touch the man's chest. In the foreground, the back of a woman's head and shoulders are visible, wearing a purple dress. The background is dark and textured.

Presentación



A Consellería de Cultura e Turismo, Novacaixagalicia e a Fundación Gaiás-Cidade da Cultura presentan a nova produción do Centro Dramático Galego *A ópera dos tres reás*, estreada os días 23, 24, 25 e 26 de xuño no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, dentro das programacións do Ano da Música de Galicia e Galicia Classics.

Con esta segunda proposta escénica para a temporada 2010-2011, a compañía pública galega actualiza o clásico de Bertolt Brecht e Kurt Weill baixo a dirección de escena de Quico Cadaval —quen asume tamén a dramaturxia— e a dirección musical de Diego García Rodríguez.

Luis Tosar, a cara máis recoñecida do panorama cinematográfico actual e un dos actores máis solicitados, encabeza o elenco deste drama musical do que tamén forman parte César Goldi, Alba Messa, Víctor Mosqueira, Mónica de Nut, Marcos Orsi, Marta Pazos, Francisco Pérez "Narf", Muriel Sánchez, Begoña Santalices e Sergio Zearreta, acompañados en directo polos músicos Suso Alonso, Rui Bandeira, Pablo Castaño, Andrew McNeill, Saúl Puga, David Rodríguez Rial, Adrián Viñas e Vadzim Yukhnovich.

A acción da obra atravesará 45 horas nerviosas dunha cidade onde fume a ambición, os sonhos, a traizón, a mesquindade, o desexo, a tortura e a beleza. Mais as peripecias comezaron moito antes, durante a infancia do bandido Mackie da Faca que xogaba cos seus amigos a policía e ladróns, a banqueiros e proxenetes. Xa daquela, Mackie era coma ese cabalo que olea a gañador na liña de saída. Parece que nada pode detelo no seu camiño marcado de éxitos delituosos, ata que se lle antolla casar con Polly Peachum, a filla do rei dos mendigos. É o principio da fin. Pero antes léganos unha frase memorable: “Que é o asalto dun banco comparado coa fundación dun banco?”

✂ O BRECHT MÁIS GALEGO

por ROBERTO VARELA FARIÑA

Conselleiro de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

Comecemos admitindo que levar adiante unha versión de *A ópera dos tres reás* require meses de intenso traballo e entraña unha enorme complexidade. É, en suma, unha aposta arriscada. Mais ao tempo —recoñezámolo tamén— constitúe un desafío engaiolante, un *tour de force* ao que resulta difícil renunciar.

Transgresor, xenial, anovador, polémico, inconformista, poeta e dramaturgo, Bertolt Brecht segue a ser hoxe unha das figuras imprescindibles da literatura europea dos últimos cen anos. Adaptar a súa obra supón mergullarse nun vizoso universo que rachou de cheo cun certo clasicismo escénico. Curiosamente, *A ópera dos tres reás*, vangardista como poucas, tense convertido co paso dos anos nun texto clásico. É, sen dúbida, un paradoxo digno do propio Brecht.

Desde a súa estrea en 1928, *A ópera dos tres reás* vén representándose continuamente nas táboas de todo o mundo. Escrita nos derradeiros anos da República de Weimar, cando xa se deixaba notar unha crise económica que traería funestas consecuencias históricas, narra as peripecias de Mackie Navalla cunha visión hipercrítica e satírica da corrupción, a ambición, a pobreza, e uns cantos asuntos máis, todos eles imperecedoiros e universais. Unha das súas sentenzas máis populares é aquela que di “*primeiro comer, despois a moral*”. Como non sentir unha permanente predilección por unha obra teatral que invita a tales reflexións?

E se ben o libreto é excelente e suxestivo; a música de Kurt Weill é abraiante, hipnótica por momentos; e o contido da obra pode facilmente asociarse á realidade que nos rodea; o meirande atractivo desta versión é outro. A grande virtude de *A ópera dos tres reás* do CDG é a posibilidade que ofrece de ver o clásico de Brecht cun prisma integramente galego.

Sendo completamente fieis ao espírito brechtiano, ao seu vangardismo, a súa vontade crítica, Quico Cadaval, Luís Tosar, Diego García, o equipo e o elenco ao completo, poñen o noso acento ás palabras de Brecht e o noso contrapunto ás melodías de Weill; pasan unha historia de calado universal pola peneira —se me permiten o símil— do xeito único que temos os galegos de ver o mundo. O resultado é unha versión nunca antes vista de *A ópera dos tres reás*, unha adaptación que —teño o convencemento— se converterá nun fito do Centro Dramático Galego e da cultura de Galicia en xeral.

Convíddolles, pois, a gozar deste cóctel que xunta nun mesmo escenario talentos separados por máis de 80 anos, que une Berlín e Galicia baixo a faciana duns personaxes inesquecibles. Convíddolles a que se deixen engaiolar polo lirismo, a sensualidade, a tenrura e a crítica descarnada do Brecht máis galego.



✿ SOÑO CUMPRIDO

por **BLANCA CENDÁN**

Directora do Centro Dramático Galego

A piques de estrear *A ópera dos tres reás* veñen á miña cabeza tantos recordos da cidade de Berlín, onde me fun empapando de Brecht e Weill alá polo ano 1995, pouco despois de caer o muro da discordia...

A Steinstrasse —a miña rúa—, a Volksbühne e o Berliner Ensemble, que quedaban preto da miña casa, eran lugares habituais por onde as miñas ansias de traballar de actriz se mesturaban co descubrimento dun novo mundo, o xermano.

A música de Kurt Weill descubrín pola querida Ute Lemper e comecei daquela a preparar o repertorio que daría lugar máis adiante á creación desa personaxe que me acompañaría durante unha década: Lilí Berlín.

As cancións de *A ópera dos tres reás* (*Die Dreigroschenoper*) formaron parte dese repertorio acompañadas dun violonchelo e un piano, así como a interpretación dos seus personaxes, Polly Peachum, Jenny, Frau Peachum e as maravillosas cancións de *Jenny a pirata*, *Barbara Song*, *A escravitude sexual*, *Salomón Song* que tan bos momentos me fixeron pasar polo mundo adiante.

A idea de ver montada esta peza con orquestra en directo foi un soño que me perseguíu durante anos ata que, por casualidades e circunstancias varias, desde a dirección do Centro Dramático Galego este soño empezou a concretarse, a facerse realidade.

Agora, da man dun director como Quico Cadaval, da batuta do mestre Diego García Rodríguez, dun protagonista como Luis Tosar e dun elenco de actores e de músicos de primeira, seleccionados mediante un duro procedemento de audición pública, *A ópera dos tres reás* incorpórase ao repertorio do CDG e goza dunha ampla xira por distintos escenarios e festivais dentro e fóra de Galicia, con grandes fitos para a escena musical galega como o Festival da Ópera da Coruña ou a visita da compañía pública por vez primeira ás Illas Canarias.

Como reza unha célebre frase, hai que ter coidado cos soños porque ás veces se cumpren.



A produción

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego (CDG) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do antigo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), entidade que sucedeu ao IGAEM, asumindo e ampliando as súas competencias.

Nestes máis de 25 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da Agadic (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario, etc).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel, a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos, así como unha programación aberta ás distintas disciplinas.

As anteriores producións do CDG foron *Salomé* (2010), dirixida por Carlos Santiago a partir do texto de Oscar Wilde; *As actas escuras* (2009), obra de Roberto Vidal Bolaño que subía por primeira vez aos escenarios da man do director Xúlio Lago; e *As dunas* (2008), peza escrita por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente e con dirección escénica de Quico Cadaval.

Institucións e entidades


✿ Produtores



www.xunta.es



culturaeturismo.xunta.es



www.agadic.info



www.centrodramatico.org

✿ Patrocinadores



www.novacaixagalicia.es



www.cidadedacultura.org

FUNDACIÓN GAIÁS CIDADE DA CULTURA

Integrada por:

Fundación Cidade da Cultura

Novacaixagalicia

Inditex S.A.

Inveravante Inversiones Universales S.L.

Gas Natural Fenosa S.A.

Fundación Pedro Barrié de la Maza

Banco Gallego S.A.

Cooperativas Ourensanas, S.C.G.

Epifanio Campo Fernández

Gadisa

Grupo Nosa Terra 21 S.A.

Hijos de J. Barreras S.A.

Hijos de Rivea S.A.

R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.

Transmombús S.A.



Ficha artística

Autoría	Bertolt Brecht e Kurt Weill
Dirección escénica e dramaturxia	Quico Cadaval
Dirección musical	Diego García Rodríguez
Produción	Centro Dramático Galego
Elenco (por orde alfabética)	César Goldi: <i>Tigre Brown / Mendigo condecorado / Puta vella</i> Alba Messa: <i>Lucy Brown</i> Víctor Mosqueira: <i>Alegre Tolleito / Serrucho / Smith</i> Mónica de Nut: <i>Jenny / Jimmy II / Mackie neno</i> Marcos Orsi: <i>Jonathan Jeremías Peachum</i> Marta Pazos: <i>Walter Funeral / Toliña das bolsas / Smith</i> Francisco Pérez "Narf": <i>Dedotorto / Trobeiro cego</i> Muriel Sánchez: <i>Polly Peachum</i> Begoña Santalices: <i>Señora Peachum</i> Luis Tosar: <i>Mackie da Faca</i> Sergio Zearreta: <i>Filch / Patacón / Smith</i>
Orquestra (por orde alfabética)	Suso Alonso: piano, harmonio Rui Bandeira: trombón Pablo Castaño: saxo alto, saxo soprano, frauta, frautín, clarinete Andrew McNeill: saxo tenor, saxo soprano, clarinete Saúl Puga: contrabaixo, percusión David Rodríguez: percusión, trompeta II Adrián Viñas: trompeta I Vadzim Yuxhnevich: banjo, acordeón, guitarra, guitarra hawaiana
Tradución do texto orixinal e adaptación das cancións	Pepe Sendón
Deseño do espazo escénico e da iluminación	Baltasar Patiño
Deseño de vestiario	Carlos Alonso
Coordinación do vestiario	Cloti Vaello
Dirección de canto	Ramón Bermejo
Coordinación musical	Suso Alonso
Axudante de dirección	Nuria Sanz
Coreografía	Mónica García
Maquillaxe e perruquería	Trini Fernández Silva
Vídeo	Quique Otero
Fotografía	Francisco Arnoso "Pixi"
Deseño gráfico	Juan Gallego
Equipo de produción/dirección	Belém Brandido, Víctor Carbajales, Anabell Gago, Catia Lopes, José Díaz, Carmen Fernández
Prensa	Gabinets da Consellería de Cultura e Turismo e da Agadic
Gabinete de comunicación	Trisquelia

07



Funcións

XUÑO

ESTREA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Auditorio de Galicia, xoves 23, venres 24, sábado 25 e domingo 26 ás 21.00 horas

XULLO

FERROL

Teatro Jofre, sábado 2 ás 22.00 horas e domingo 3 ás 20.30 horas

PONTEVEDRA

Centro Social Novacaixagalicia, venres 8 e sábado 9 ás 20.30 horas

MADRID

Teatro Fernán Gómez, xoves 21, venres 22 e sábado 23 ás 20.30 horas; domingo 24 ás 19.30 horas; mércores 27, xoves 28, venres 29 e sábado 30 ás 20.30 horas; e domingo 31 ás 19.30 horas

AGOSTO

LAS PALMAS DE GRAN CANARIA

Festival Internacional de Teatro, Música y Danza Las Palmas, xoves 11 e venres 12 ás 21.30 horas (Parque de Santa Catalina)

SETEMBRO

SALAMANCA

Teatro Liceo, venres 2 e sábado 3

PAMPLONA

Teatro Gayarre, martes 6 e mércores 7

ZARAGOZA

Teatro Principal, venres 9, sábado 10 e domingo 11

A CORUÑA

Teatro Colón, sábado 17 e domingo 18

OURENSE

Teatro Principal, venres 23 e sábado 24

VIGO

Centro Sociocultural Novacaixagalicia, martes 27 e mércores 28

NARÓN

Pazo da Cultura, venres 30 e sábado 1 de outubro

A obra



Bertolt Brecht é un dos dramaturgos máis destacados e anovadores do século XX. É autor de seis obras musicais, das cales catro foron escritas en colaboración co seu compatriota Kurt Weill: *Grandeza e decandencia da cidade de Mahagonny* (1928), *Final feliz* (1929), *Os sete pecados capitais* (1929) e *A ópera dos tres peniques* (1929). Esta última, baseada en *A ópera do mendigo* que o dramaturgo inglés John Gay escribira 200 anos antes, non só constituíu o maior éxito teatral do autor alemán, senón que implicou unha reacción contra outras formas de teatro, concretamente contra o drama realista, e representou o inicio dun teatro renovador, con finalidades didácticas e no cal puxo a proba unha nova técnica teatral: o chamado *teatro épico*.

Contrariamente ao que imperaba ata entón, Bertolt Brecht expón que o propósito da peza, máis ca entreter ou mimetizar a realidade, é presentar ideas e convidar o público a facer xuízos sobre elas. As personaxes non debían imitar as persoas reais, senón representar os lados opostos dun argumento. O público debería ser sempre consciente de que estaba a ver unha peza de teatro, e debería permanecer a unha distancia emocional da acción. Brecht describiu este ideal como *efecto de distanciamento*.

Así, *A ópera dos tres peniques* é un claro exemplo desta nova concepción teatral e ilustra claramente algunhas das distintas técnicas propostas polo seu creador:

- Escenas en que se narra, en forma de cadros fragmentados, cunha sorte de montaxe que impide unha totalidade orgánica. A obra é unha especie de quebracabezas, está inconexa, e o espectador ten que estar elaborando constantemente o argumento.
- A acción interrómpe-se de forma continua, non progresa, frágmentase, e está modulada pola presenza dun intermediario —o narrador— que toma distancia e a comenta.
- O actor representa a personaxe sen identificarse con ela; utiliza unha serie de xestos e un vestuario que se asemella a un disfrace.
- Empréganse carteis explicativos que resumen as pasaxes que se verán a seguir para evitar que o público siga con intriga as alternativas da acción.
- A música ilustra a situación por medio dun poema paródico de ritmo sincopado que se constrúe a partir de sucesións de notas a contratempo.
- A escenografía é simple, nunca ocupa o primeiro plano e o escenario móstrase como fondo.



A estas formulacións escénicas de Brecht únese a fascinante partitura de Kurt Weill, na cal incorpora cabaré, jazz, opereta e música culta, aínda que satirizada. Expertos na materia cualifican este xénero como a antesala do musical de Broadway. Cómpre destacar tamén o xeito non convencional que tiñan ambos os dous creadores de empregar a música: por un lado, a orquestra situábase no escenario e por outro, tanto as melodías de Kurt Weill coma as letras das cancións de Brecht tiñan o obxectivo de sorprender a audiencia e incitá-la á crítica.

Brecht sitúa no Londres vitoriano de finais dos anos vinte un mundo de delincuencia, crise, prostitución, miseria e abusos, onde o popular delincente Mackie Messer seduce a Polly Peachum, a filla do rei dos mendigos. Unha voda nunha corte é o detonante dunha carreira vertixinosa en que os delincuentes, mendigos, prostitutas e policía corruptos comparten protagonismo, audacias e un final sorprendente nesta fábula sobre os estragos do capitalismo.

A obra afonda na corrupción do ser humano nun mundo que só se move por diñeiro. Trátase dunha forte crítica á orde burguesa establecida, representada como unha sociedade de delincuentes, pois "que é asaltar un banco comparado con fundalo?". Pero o autor especificou que os actores non caesen na tentación de interpretaren os bandidos como pillabáns, senón todo o contrario, isto é, persoas respectables que sinxelamente exercen unha actividade profesional sucia.



✿ SINOPSE

En pleno barrio do Soho os mendigos mendigan, os ladróns rouban e as prostitutas circulan. Un trobeiro cego canta unha das súas melodías que describe a vida delituosa de Mackie da Faca. Aparece a seguir Jonathan Jeremías Peachum, o “rei dos mendigos”. Mentres comeza con el a xornada, pensa en como poderá asegurar e ampliar a súa considerable fortuna. Xestiona o seu negocio da compaixón con dilixencia profesional. Para abrandar o corazón dos seus concidadáns viste os seus colaboradores con roupa gastada e pobre e procúralles unha aparencia mísera con bostelas, negróns e próteses artificiais. Distribúeos segundo zonas determinadas coidadosamente e teñen que entregarlle a maior parte dos seus ingresos co fin de obter unha licenza súa para poder traballar.

A señora Peachum, a súa dona e socia, fálalle dun elegante cabaleiro que cortexa a súa filla Polly. Pola descrición, Peachum reconece horrorizado a Mackie Messer, un gánster que controla o monopolio do furto na rúa e do roubo. Pero é demasiado tarde. Polly e el xa casaron nunha corte. A banda de Mackie intenta expresar o afecto que sente polo seu xefe reunindo as cousas roubadas máis increíbles: mobles, un vestido, a comida nupcial... O convidado de honra tampouco se fai esperar moito: é Tigre Brown en persoa, o xefe da Policía. Canta con Mackie a conmovedora

Canción dos canóns, un recordo das súas aventuras como soldados na India. Logo tócalle a vez a Polly que, para embelecer a festa, canta a peza *Jenny dos piratas*. A continuación, a parella queda a soas e canta a dúo unha canción de amor.

Cando o señor Peachum se decata da perda da súa filla, que equivale á “ruína completa”, enfurécese e xura vingarse do bandido. Para iso debe obter a colaboración do xefe de policía, pois de que servirá revelar o acocho de Mackie se a policía non quere buscalo? O astuto Peachum elixe o medio máis potente de que dispón para meterlle presión a Brown: fará marchar polas rúas o seu exército de miles de mendigos durante a inminente visita papal. Con gran pena no corazón, o xefe da Policía ten que ceder ante esta chantaxe e enviar axentes detrás de Mackie. Alertado da situación, Mackie despídese tenramente de Polly —a quen lle confía durante a súa ausencia a dirección da banda, que ela logo asume enerxicamente— e busca escondedoiro no bordel, ao cal está unido por antigas relacións. Traizoado polas prostitutas, a Policía descóbree alí e lévao ao cárcere.

Non hai ningunha esperanza para el, pois acúsano de moitos delitos graves. Tras escapar do cárcere grazas ao amor de Lucy Brown e caer outra vez preso, é condenado a morrer aforcado; pero nun final grotesco aparece Tigre Brown cando xa levan a Mackie ao cadafalso. A obra remata cun gran coro final.

✿ A MALDICIÓN DE BRECHT

por QUICO CADAVAL

*“Os artistas ruíns copian ideas dos outros,
os artistas xeniais róubanas”, Pablo Picasso*

A ópera dos tres reás escribiuse, compúxose, ensaiouse e estreouse entre os anos 1927 e 1928. Procede dun acto de canibalismo sobre unha obra inglesa titulada *A ópera do mendigo*. Traducírona, cortárona, engadíronlle cancións que xa tiñan compostas para outras, roubaron textos de Villon e de Kipling, meteron chistes de bordel, introduci-ron ritmos populares, improvisaron, amputaron unha escena fundamental, engadiron outra superficial, incomodaron o río da acción con discursos descarnados, completa-ron o pastiche con sermóns relixiosos e, para rematar, decidiron iniciar a “ópera” cunhas coplas populares de crimes.

Ríronse Weill e Brecht da súa monumental provocación e sentaron a agardar o fracaso fumando un puro. O fracaso non chegou. O público berlinés premiounos cun éxito sen precedentes que se estendeu alén das fronteiras de Berlín e a súa obra converteuse nun clásico do século XX. Talvez o éxito debeuse ao extraordinario parecido da “ópera” e un século que, como a obra de Brecht e Weill, é fragmentario, caníbal, des- carnado, superficial, descarado, que se podía narrar como unha novela de crimes chea de roubos, amputacións, sermóns e chistes de bordel. Por iso é *A ópera dos tres reás* o clásico do século XX, o espello en que se recoñeceu o seu tempo.

Nós decidimos contribuír á maldición de Brecht e tratalo como un clásico. Máis que lealdade ou fidelidade ás ideas da obra orixinal, nós imos máis alá e humillámonos ata o extremo da adulación meliflua. Consideramos cada personaxe como un grande heroe das crónicas antigas, tanto ten eivados, chuloputas, cacos, banqueiros, pen- dangas, delatores, corruptos, todos reciben a mesma luz dourada dos heroes de Troia ou de Waterloo. Brecht situou a trama no Londres da coroación da raíña Vitoria; nós quixémola situar no universo imaxinario de Brecht e Weill. Foi como espiar nos seus cuartos, debaixo das camas, nas gabetas secretas da mesa de estudo, e alí encontra- mos o cinema cómico, o folletín romántico, os bailes dominicais, as novelas popula- res, as estampas orientais, o teatro de fantoches, o surrealismo, a banda deseñada, a aventura transatlántica, o tango, a novela de crimes e, naturalmente, a opereta.

Con todo isto fixemos un instrumento óptico para poder ver dunha maneira nova un mundo tan antigo como é o noso.



DESMONTANDO A...

QUICO CADAVAL

Que significou para vostede dirixir *A ópera dos tres réis*?

A *ópera* é un clásico do século XX coa cal se di que se inicia o teatro épico; moitos estudosos relaciónana co teatro político, que non é como se entendeu despois, pero foi un momento en que cambia a relación do teatro coa música. Entón, para min dirixir esta obra significou unha gran dificultade e un xeito de entrar de novo no teatro.

Este é un dos textos teatrais máis representados. Que vai achegar de novo a súa dramaturxia?

Non quero ser modesto, porque queda mal nun artista, pero realmente creo que hai unha tentativa de ir xogar ao mesmo que xogaron Kurt Weill e Bertolt Brecht en 1927. Non se trata de facer o mesmo, pero si de xogar ás mesmas ideas, á mesma relación da música co teatro; non é que non acheguemos nada de novo, salvo que estamos a intentar facer a obra e non a cambiala como se leva facendo nos últimos vinte anos, nos que a moda é ambientalala nunha piscina para vellos ou nunha cidade de vacacións, ou cousas así.

De todos os temas que se abordan na obra, por cal deles se centrou á hora da posta en escena?

Un tema no que me centrei moito foi o da amizade que se desmonta polos intereses económicos, que moitas veces destrúen ese estraño sentimento que a xente non define. Outro tema importante son os modos melodramáticos do amor, que representan un misterio que me parece moi atraente. Na obra aparecen xuntos o amor e a sociedade demasiadas veces. É un tema interesante.

Compaxinar o traballo de actor co traballo dunha orquestra supón todo un reto. Que tal resultou o día a día?

O sistema de traballo é moi distinto. Os músicos teñen un método de traballo co que chegan aos ensaios coas cousas moito máis feitas. Hai unha forma final que coñecen e os actores non. Os actores teñen no teatro unha arte rudimentaria que hai que construíla toda de novo de cada vez. Que acontece? Que a música funciona como un motor de cabeza, como locomotora de todo o espectáculo que arrastra a acción corporal.

Conta cun gran elenco de actores, pero... como foi a experiencia de dirixir a Luis Tosar?

Para min dirixir a Luis Tosar non é nada novo, isto é, é moi fácil porque é un actor moi concentrado, que ten unha relación moi interesante cos seus personaxes, que reflexiona moito sobre eles e trae sempre propostas que están moi próximas ao papel que interpreta. É un luxo ensaiar con el: é alguén que che dá sempre réplica, que está atento a todo na escena. É como no fútbol, eses xogadores que xogan coa cabeza levantada e ven como está todo o equipo.

E como valora o resto do equipo que o acompaña?

Non valoro o resto do equipo, senón que os valoro un por un. É un equipo extraordinario. Xa traballara con algúns, con outros non. Esta obra necesita un elenco moi complicado porque as esixencias do musical son moi altas e para facer o gran xogo que é pasar do sublime ao sucio, fan falta actores moi volubles, maleables (e son máis volubles que maleables!).

Que espera da obra?

Espero que sexa moi divertida para o público, no seu sentido máis amplo, porque está chea de elementos interesantes e de sorpresas.

Como convencería o público para que veña ver este espectáculo?

Diríalles que asistir a un espectáculo musical con todos os artistas en directo hoxe en día é un luxo polo que paga a pena aforrar algo. Volo é asistir a unha das grandes obras do século XX cuns actores extraordinarios.





✿ A MÚSICA

Un dos maiores retos que formula a partitura de *A ópera dos tres reís* é a realización "ideal" da instrumentación suxeitada por Kurt Weill, na cal sete instrumentistas deben tocar un total de 23 instrumentos. Nesta versión que o CDG presenta son oito os músicos que interpretan a partitura.

Weill utiliza ritmos de procedencia americana, como o shimmy, foxtrot ou o tango, que naquela época resultaban certamente exóticos, coa intención de buscar novas vías de expresión, pero tamén usa o coral luterano (base da música litúrxica da Reforma) ou o estilo recitativo operístico. Todo isto crea un universo sonoro ata entón nunca explorado que se serve dunha orquestración moi peculiar, en que os instrumentos de vento son a base do grupo instrumental e o resto (exceptuando o piano e contrabaixo) actúan como elementos tímbricos.

Na súa estrea, o 31 de agosto de 1928, os encargados de tocar a música foron os integrantes da *Lewis Ruth Band*, orquestra de inspiración americana formada por músicos alemáns. Coñécese por diferentes fontes que o proceso de ensaios da creación foi certamente "caótico", e nel Weill viuse obrigado a realizar indicacións sobre a marcha, a xeito dun *work in progress*.

Foi só despois da estrea, debido ao enorme éxito que obtivo a obra, cando Weill realizou a versión definitiva na cal se deixa lugar á creatividade de cada unha das interpretacións en forma de suxestións de instrumentación que poden ser utilizadas ou non, dependendo do número de músicos ou instrumentos empregados.

Pese a todo, a canción popular constitúe o fundamento musical da obra. Weill compuxo temas cun forte sentido do efecto, con acompañamento de jazz, con ritmos arrebatadores e cun innegable talento melódico. Estas cancións están escritas para un rexistro de voz pouco amplo, para que sexan interpretadas por actores, non por cantantes profesionais, de maneira que o esencial sexa a expresión, non a voz.

Pezas como *A canción dos canóns*, *Jenny dos piratas*, *A canción de Bárbara*, *A balada do chulo* ou *A balada da boa vida* son grandes acertos pola súa combinación de letra, música e ambiente. Pero é sen dúbida *A balada de Mackie o Navalla* (*Die Morität von Mackie Messer*), a súa composición máis popular, que se fixo mundialmente coñecida grazas a voces como a de Frank Sinatra, Louis Armstrong, Edith Piaf, Nina Hagen, Tom Waits, Ute Lemper, Sting...

09 Os autores

✿ BERTOLT Brecht



Bertolt Brecht, poeta e dramaturgo nacido en Ausburgo (Baviera, Alemaña), é considerado unha das figuras teatrais máis destacadas e anovadoras do século XX. Brecht criouse nunha próspera familia burguesa, de pai católico e nai protestante, e, como el mesmo recoñecía, foi educado no hábito de ser atendido e na arte de dar ordes. Comezou a escribir poesía cando era un rapaz e publicou os seus primeiros poemas á idade de 16 anos.

En 1917 iniciou os seus estudos de Medicina en Múnic e durante a I Primeira Guerra Mundial traballou como enfermeiro nun hospital militar. Despois da guerra volveu aos seus estudos, que abandonou finalmente para dedicarse á literatura e ao teatro.

Entre 1920 e 1924 vive a cabalo entre Múnic e Berlín, potenciando a súa formación teatral e participando en diversos espectáculos como dramaturgo no *Kammerspiele* de Múnic. En 1922 casou coa actriz de teatro e cantante de ópera Marianne Zoff, con quen tería dous fillos e da cal se divorciou tres anos despois. Finalmente en 1924 trasládase a Berlín e comeza a traballar como dramaturgo no *Deutsches Theater*, onde se encontra con Erwin Piscator e Kurt Weill, con quen colaborará máis adiante.

Nesta época, entrou en contacto cos círculos artísticos vencellados ao expresionismo e viron á luz as súas primeiras obras dramáticas: *Baal* (1920), *Tambores na noite* (1922), *Na espesura das cidades* (1921-1924) e *Un home é un home* (1927). En 1926 comezou a súa dedicación intensiva ao marxismo ao establecer un estreito contacto con Karl Korsch e Walter Benjamin. A súa obra *A ópera dos tres peniques* (1928) —con música de Kurt Weill— obtivo o maior éxito coñecido na República de Weimar. Daqueles anos datan a ópera *Grandeza e decandencia da cidade de Mahagonny* (1929), tamén con música de Weill, e as chamadas obras didácticas (*A decisión*, *O que dice si*, *o que dice non*, *A excepción e a regra...*). No ano 1929 casa con Helene Weigel, que será a súa compañeira e colaboradora ata a súa morte.

Será en 1930 cando empece a ter máis que contactos co Partido Comunista Alemán. O 28 de febreiro de 1933, un día despois da queima do Parlamento alemán, Brecht comezou o seu camiño cara ao exilio e tras unha breve temporada en Austria, Suíza e Francia, marchou a Dinamarca. En 1935 viaxou a Moscú, Nova York e París, onde interveu no Congreso de Escritores Antifascistas, suscitando unha forte polémica.

En 1939, temendo a ocupación alemá, marchou a Suecia; en 1940, a Finlandia, país do que tivo que escapar ante a chegada dos nazis; e en 1941, a través da Unión Soviética (vía Vladivostok), a Santa Mónica, nos Estados Unidos, onde permaneceu aillado seis anos, vivindo de guións para Hollywood. Nesta etapa de exilio escribiu, entre outras, catro das súas obras máis célebres: *Galileo Galilei* (1938), *A boa persoa de Sezuán* (1938-1940), *Nai coraxe e os seu fillos* (1941) e *O círculo de tiza caucasiano* (1944-1945).

En 1947 levouse á pantalla *Galileo Galilei*, con moi pouco éxito. A raíz da estrea deste filme, o Comité de Actividades Antinorteamericanas considerouno elemento sospeitoso e tivo que marchar a Berlín Este (1948), onde organizou primeiro o *Deutsches Theater* e, posteriormente, o *Theater am Schiffbauerdamm*. En Berlín, xunto coa súa esposa Helene Weigel, fundou en 1949 o coñecido *Berliner Ensemble*, e dedicouse exclusivamente ao teatro ata a súa morte en 1956, cando estaba a ensaiar *A vida de Galileo*.

KURT Weill



Nacido en Dessau (Alemaña) no seo dunha familia xudía (o seu pai era cantor dunha sinagoga), Kurt Weill mostrou un talento musical desde pequeno. Estudou composición no Conservatorio de Berlín e, entre 1921 e 1924, foi discípulo e colaborador do pianista e compositor italiano Ferruccio Busoni, baixo cuxa sombra compuxo a súa primeira sinfonía, influída polo estilo expresionista de moda naqueles tempos en Berlín.

Aínda que tivo certo éxito coas súas primeiras obras, Weill tendía cada vez máis cara á música instrumental e o teatro musical. En 1926 estreou en Dresden a súa primeira ópera, *O protagonista*, nun só acto e con libreto de Georg Kaiser. Pero foi o seu *O novo Orfeo* (1925), unha cantata para soprano, violín e orquestra baseada nun poema de Iwan Goll, o que marcou un momento crucial na súa carreira. A estética moderna fíxose máis evidente na ópera surrealista dun só acto *Palacio Real* (1926) sobre un libreto de Iwan Goll, así como na ópera bufa *O tsar déixase fotografar* (1927), cun libreto de Georg Kaiser.

Weill obtivo o éxito definitivo con *A ópera dos tres peniques* (1928), escrita en colaboración co dramaturgo Bertolt Brecht, en que a feroz crítica social que a obra contén se expresa por medio dunha música composta para unha orquestra de cabaré. Dous anos despois desenvolveu aínda máis este estilo en *Grandeza e decadencia da cidade de Mahagonny*, obra dunha ácida sátira social de Brecht, con quen Weill tamén colaborou en *Final feliz* (1929). Cada vez máis incómodo coas restricións que impoñía Brecht ao papel da música no seu teatro político, Weill buscou outros colaboradores, como o escenógrafo Caspar Neher, que escribiu o libreto da súa ópera épica en tres actos *O aval* (1931), e volveu colaborar con Georg Kaiser na comedia musical *O lago de prata* (1932).

A música de Weill non era do agrado dos nazis, que provocaron alborotos durante as súas representacións e organizaron campañas de boicot para impedir a montaxe das súas obras. Esta situación obrigou a Weill e a súa esposa, a cantante Lotte Lenya, a abandonaren Alemaña en marzo de 1933 e establecérense en París, onde continuou brevemente a colaboración con Brecht en *Os sete pecados capitais*, un “ballet cantado” para a compañía de George Balanchine. Tamén escribiu a música para a obra de Jacques Deval *Marie Galante*.

En setembro de 1935, Weill viaxou aos Estados Unidos para supervisar a montaxe de Max Reinhardt da obra épica de Franz Werfel, para a que escribira a música. Tras moitos atrasos, a peza representouse en 1937, parcialmente truncada, como *A estrada eterna*. Entrementres, o Group Theatre recrutou a Weill para colaborar co libretista Paul Green no musical *Johnny Johnson*, baseado libremente na novela *O bo soldado Schweik*, do autor checo Jaroslav Hašek. A súa música, aínda recoñeciblemente “europea”, foi un éxito e consolidou a Weill no panorama musical norteamericano. Animado polo seu triunfo, e convencido de que o teatro comercial ofrecía máis posibilidades ca ópera tradicional, Weill e Lenya decidiron quedar nos Estados Unidos e solicitar a nacionalidade norteamericana, que obtiveron en 1943.

Durante os anos seguintes, Weill compuxo musicais da importancia de *Knickerbocker Holiday* (1938), que foi un éxito relativo, pero que consagrou a súa famosa *September Song*; *Lady in the dark* (1941), con letras de Ira Gershwin; *One touch of Venus* (1943), *Street scene* (1947), *Love life* (1948) e *Lost in the stars* (1949). Weill estaba a traballar nunha versión musical de *Huckleberry Finn* de Mark Twain cando sufriu un ataque ao corazón. Morreu o 3 de abril de 1950, un mes despois de facer os cincuenta anos.

10 Os directores

✿ QUICO Cadaval

Dirección escénica



Actor, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Nado en Ribeira en 1960, comezou na interpretación teatral a finais dos setenta e xa a mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, O Moucho Clerc. Na súa faceta de dramaturgo asinou os textos *Un código clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses; *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt; *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol; *Si o vello Sinbad volvese ás illas* e *O ano do cometa*, ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro; *Rapatú*, do conto popular europeo *A sogra do diablo*, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co Premio María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Como director escénico, púxose á fronte de montaxes como *A cor das cerejas*, *Doberman*, *Squash*, *A cigana vermelha da Ilha Terceira*, *A cantiga do desterro*. *Chanson d'exil*, *Speer*, *A voda dos moirantes...*

É ademais guionista e director dos espectáculos de Mofa e Befa *Para ser exactos*, *Cultura para dar e tomar*, *Finis Mundi Circus* e *Shakespeare para ignorantes* pola que vén de recibir o Premio Max na categoría de mellor autor teatral en galego. Entre as últimas obras que dirixiu destacan *Pressing Catch* para a compañía Berrobambán e as pezas *Obra (No Comment)*, *Un cranio furado (A Skull in Connemara)* e *Fantasmas familiares* para Producións Teatráis Excéntricas.

Para o CDG dirixiu as producións *Como en Irlanda* (1996), *O ano do cometa* (2004), *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007), que lle valeu o Premio María Casares 2007 á mellor dirección, e *As dunas* (2009).

Participou en diferentes producións da TVG, así como en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no audiovisual como actor e como guionista. Foi profesor de interpretación de "Operación Triunfo" (Portugal, 2003).

✻ **DIEGO** García Rodríguez

Dirección musical



Tras diplomarse na especialidade de piano no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela, en 1996 asiste ás clases do profesor Daniel Spiegelberg, no Conservatorio de Lausanne (Suíza), onde obtén en 1999 o título superior en Piano e Música de Cámara. Ao mesmo tempo, desenvolve un importante labor como pianista acompañante, froito da cal forma un dúo co tenor colombiano Humberto Ayerbe Piñeiro, co que realiza varios concertos en Suíza e España.

No ano 2001 prodúcese o seu debut como director de orquestra, co Ensemble Kypris de Lausanne, nun concerto con obras de Edison Denisow. Esta experiencia anímao a optar a unha praza na prestixiosa clase de dirección de orquestra da Hochschule für Musik de Zürich dirixida polo profesor Johannes Schlaefli, que obtén en xuño do 2003. Desde ese momento dirixe habitualmente en Suíza, República Checa e Bulgaria, ademais de continuar a súa intensa actividade de pianista correpetidor.

Traballa como asistente do director francés NicolasChalvin nas producións operísticas *O Nariz*, de D. Schostakovitch, na Ópera de Nantes-Angers (coa Orchestre National des pays de la Loire) e *Carmen*, de G. Bizet, na Ópera de Lausanne (coa Orchestre de Chambre de Lausanne, OCL). En 2006 obtén o Master en dirección de orquestra.

Foi convidado pola Nova Orquestra Nacional de España, pola Orquestra Filarmónica de Málaga e polo festival de

Ópera de Vigo 2007, onde dirixe *Rita*, de G. Donizetti. A principios de 2008 funda, xunto con Nicasio Gradañlle, o Ensemble CONTRA e únese ao proxecto “Galicia XXI”, ideado polo frautista Luís Soto, dedicado á recompilación e interpretación do repertorio para frauta e piano de compositores galegos contemporáneos.

Traballou con Diego Masson nas edicións 2009 e 2010 da Dartington International Summer School (Reino Unido), dirixindo no Dartington Great Hall *Madama Butterfly*, de Puccini, e *Le nozze di Figaro*, de Mozart.

En 2009, os organizadores do Festival *Two Moors* (Reino Unido) invítano a realizar a estrea mundial da obra de Torsten Rasch *Die Träumenden Knaben*, colaborando con Anssi Karttunen e Andreas Haefliger. Un ano despois, é seleccionado pola London Sinfonietta para participar no seu primeiro programa de mozos directores na London Sinfonietta Academy 2010, onde puido dirixir aos solistas desta formación.

Na actual tempada do Teatro Real de Madrid, é o director asistente de Josep Pons na produción *The turn of the screw*, de B. Britten (novembro de 2010), e de Paul Daniel en *Król Roger*, de K. Szymanowsky (abril-maio de 2011).

En 2010 crea o Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), do que é o director artístico e musical.



Elenco





LUIS TOSAR

Mackie Messer

Nacido en Xustás (Cospeito, Terra Chá), iniciou a súa carreira no mundo da interpretación no campo da curtametraxe con directores como Jorge Coira, José Carlos Soler ou Alber Ponte. Despois de estudar Historia en Santiago de Compostela, entrou no mundo do teatro e máis tarde, colaborou nas primeiras tempadas da serie da TVG *Marreas vivas* interpretando o xuíz, papel que o lanzou á fama en Galicia.

A partir de aí a súa carreira foi imparable. A finais dos noventa deu o salto ás longametraxes sen abandonar as curtas. En menos de dez anos pasou de ser personaxe nun pequeno papel de *Atilano Presidente* a obter en tres ocasións o Premio Goya, no 2003 como actor de reparto por *Los lunes al sol*, de Fernando León de Aranoa; no 2004 como actor principal en *Te doy mis ojos*, de Icíar Bollaín, coa que ademais gañou a Concha de Plata do Festival de San Sebastián; e o último con *Celda 211*, de Daniel Monzón, de novo como mellor actor pola súa interpretación de Malamadre. Nos Estados Unidos participou no 2006 no *remake* da serie dos anos oitenta *Corrupción en Miami*, xunto a Colin Farrell e Jamie Foxx baixo a dirección de Michael Mann.

Entre outros premios, cómpre destacar tamén o galardón á mellor interpretación masculina protagonista nos XVIII Premios da Academia das Artes e Ciencias Cinematográficas de España (2004) por *Te doy mis ojos*, filme que lle valeu ademais o Cisne de Ouro ao mellor actor no Festival de Cine de Copenhague (2004). Gañou o premio RNE-Sant Jordi, que concede a crítica catalá ao mellor actor español do ano 2002. Por *Un asunto pendiente* recibiu os premios ao mellor actor no Festival Plataforma de Nuevos Realizadores e no Festival Internacional de Cine de Elche no 2001. Tamén nese ano o Festival de Curtametraxes de Noia premiou a súa prolífica carreira. Obtivo igualmente o galardón á mellor interpretación masculina protagonista nos Premios Mestre Mateo 06 por *Cargo*, así como o premio á mellor actuación masculina protagonista por *Celda 211* (Asociación de Críticos Latinoamericanos de Nova York, 2010). Por este mesmo filme, foi recoñecido como o mellor actor na XV edición dos Premios José María Forqué (2010), levou o Mestre Mateo 09 da Academia

Galega e tamén foi galardoado no Festival Internacional de Cine de Seattle (EUA, 2010). No 2010 recibiu a insignia de ouro da Deputación Provincial de Lugo en recoñecemento aos seus traballos.

Celda 211 foi escollida no 2010 pola Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas para representar a España nos Oscar, xunto con *Lope*, de Andrucha Waddington, e *También la lluvia*, de Icíar Bollaín, película esta última pola que Luis Tosar recibiu unha nova nominación aos Premios Goya. Tamén protagoniza *Mientras duermes*, de Jaume Balagueró, cuxa estrea está prevista para este ano.

Ademais, é coprodutor e actor de dúas recentes estreas galegas: *Crebinsky* (Quique Otero, 2011) e *18 comidas* (Jorge Coira, 2010).

Sobre as táboas, as últimas montaxes que protagonizou foron *Hamlet* (2006), dirixida por Lino Braxe para RTA Produccións, *El zoo de cristal* (2005), de Tennessee Williams, baixo as ordes de Agustín Alezzo para Producciones Cristina Rota, e *La cena de los idiotas* (2001), de Francis Veber, con dirección de Paco Mir. É membro do dúo cómico The Magical Brothers, así como cantante do grupo Di Elas.

“

Mackie Messer é, supoño, como todos os delincuentes neste mundo. Un tipo que vén da rúa, que tivo que apañarse de moi diferentes maneiras, todas probablemente malas, e que está tentando cambiar de clase social. Como todos os grandes delincuentes. A desvantaxe que ten Mackie Messer é que a clase á que quere el acceder —a burguesía— está copada por outros moitos delincuentes que non tiveron que facer ese camiño. Entón ten que facer un proceso de eliminación e de adaptación tamén nese novo contorno. Pero é un tipo que chegou á conclusión, lóxica por outro lado, de que é moitísimo máis fácil ese camiño, xa o di ao final do texto, ‘é moito máis fácil fundar un banco ca atracar un banco’, e as ganancias probablemente sexan moitísimo maiores. Así que nese proceso está. O que pasa é que aínda ten ramallazos de macarra!

”

CÉSAR GOLDI

Tigre Brown
Mendigo condecorado
Putta vella

Actor de teatro desde os primeiros noventa, leva representadas numerosas montaxes, entre as cales destacan as sete producidas por A Factoría Teatro baixo a dirección escénica de Cristina Domínguez: *Tío Vania* (2005), *Coitelos nas galiñas* (2001), *As presidentas* (2000), *A casa de América* (1998), *Para o leste do Gantry* (1997), *Cantos, contos, contas* (1995) e *Na soidade dos campos de algodón* (1995).

Para a compañía pública galega, forma parte dos elencos de *As actas escuras* (2010), *A piragua* (2007) —reestreada no 2009 pola compañía Abrapalabra—, *O regreso ao deserto* (2006), *A comedia do Gurgullo* (2003), *Rosalía* (2001) e *A Lagarada* (1992). Na actualidade intervéñe en *Life is a paripé*, o último espectáculo da compañía Obras Públicas que estivo nominado aos Premios Max como espectáculo revelación.

Participa tamén no espectáculo *The Magical Brothers*, escrito e dirixido xunto a Luis Tosar e Piti Sanz, nas Ultranoites da Sala Nasa desde hai case vinte anos, ademais de nas montaxes *A Nona* (2010) da compañía Teatro do Morcego, *Hendaia mon amour* (2007) de Bacana Produccións, *Caperucito-loxía* (1999) da compañía Contra-Contos, *¿Eres tú, Pancho Villa?* (1994) de De Fabulous Perralhas, *Escola de bufóns* (1996) de Ollomoltranvía, e *O desengano do prioiro* (1995) e *Saxo tenor* (1993) de Teatro do Aquí.

En televisión desenvolveu papeis protagonistas en *Mareas vivas*, *Un mundo de historias*, *Machiños*, *Canalone* e *Cuarto sen ascensor*, así como episódicos en *Plutón verbenero*, *La isla de los nominados*, *Pepe o inglés*, *O Nordés*, *Libro de familia*, *Pratos combinados*, *Galicia express*, *Petra Delicado*, *El Comisario*, *Cuéntame cómo pasó* e *Terras de Miranda*. Foi tamén presentador e cantante nas Xabaxiras do Xabarín Club, realizou sketches para o espazo *Por fin ya es viernes... o no*, producido por Globomedia, e interveu nos filmes para televisión *Pataghorobí* e *Chapapote, o no*.

Canto ao cine, traballou como actor de reparto nas longametraxes *Sei quen es*, *Lena*, *O agasallo de Silvia*, *El año de la garrapata*, *Un día en Europa*, *El rey de los huevones* e *La noche que dejó de llover*, e participou nunha ducia de curtas.

Na actualidade, é colaborador e guionista do programa de divulgación científica *Efervescencia* da Radio Galega.



ALBA MESSA

Lucy Brown

Actriz, cantante, xornalista e modelo. Con só catro anos de idade xa interpretaba un bo repertorio de cancións e aos seis anos subiu por primeira vez a un escenario na súa cidade natal, Lugo. Formouse en linguaxe musical, guitarra, piano e canto na Escola Aulos (Lugo) e na Escola de Músicos (A Coruña), onde estudou canto moderno con Carmen Rey.


En 1998 pisou por primeira vez os estudos da Televisión de Galicia no concurso infantil *Téquele, Téquele*, do que resultou gañadora. Tras este programa virían moitos outros, como *Veo Veo* (TVE), *Menudas Estrellas* (Antena 3), *Éxito* (TVG), etc. Compaxinou os seus estudos coas actuacións musicais, as primeiras clases de interpretación, a súa primeira experiencia profesional como actriz protagonista no musical *Sesfebú* (2004), a película *Herexes: o libro máxico*, traballos como presentadora e, desde o 2008, a serie de TVG *Os Atlánticos*.

Tras licenciarse en Xornalismo, trasladou a súa residencia a Madrid, matriculouse no Estudio Corazza para o Actor —onde continúa a formarse—, estudou canto con Robert Jeantal e asiste a clases de danza clásica e contemporánea en Karen Taft.

No 2010 participa en *Sábado 3:30*, un espectáculo para público familiar co que percorreu toda a xeografía nacional.

Canto ao audiovisual, protagonizou a longametraxe de Norberto Ramos del Val *El último fin de semana*, ademais de intervir en curtametraxes como *Frikis*, *Desde las nubes*, *CluV3 Transilvania* e *El desayuno* (2010), o seu debut como directora e guionista.

Actualmente prepara o seu primeiro disco, con música e letra da súa autoría.



VÍCTOR MOSQUEIRA

Alegre Tolleito
Serrucho
Smith


Actor de teatro, cine e televisión, ademais de especialista en *commedia dell'arte*, entra en contacto coas artes escénicas a finais dos anos setenta, aínda que é en 1988 cando comeza a súa carreira ininterrompida no teatro da man das compañías O Moucho Clerc (*Na fraga do conde*, *Un código clandestino* e *O rousinol da Bretanha*) e Ollomol Teatro-Submarino (*Moleques* e *Fas e Nefas*). Traballou en publicidade, como guionista cómico e como actor de dobraxe desde 1982.

Conforma con Evaristo Calvo o dúo cómico Mofa e Befá co que protagonizou, baixo a dirección de Quico Cadaval, as montaxes *Shakespeare para ignorantes* (2009), *Sempre ao lonxe* (2006), *Finis Mundi Circus* (1998), pola que recibiu o Premio María Casares 1998 ao mellor actor de reparto, e *Para ser exactos* (1993). Tamén participou na peza *Hamlet* (dirixida por Lino Braxe, 2006) para a produtora R.T.A., así como en *Escola de bufóns* (dir. Fabio Mangolini, 1996), *O rei nú* (Cándido Pazó, 1995), *Raiñas de pedra* (Helder Costa, 1994) e *Commedia, un xogote para Goldoni* (Cándido Pazó, 1993), as catro para a compañía Ollomoltranvía. Para o CDG, traballou nas producións *Noite de Reis. Ou o que queirades*

(*Quico Cadaval*, 2007), *Un soño de verán* (Eduardo Alonso, 1992), que lle valeu o Premio Compostela ao mellor actor de reparto, *O incerto señor don Hamlet* (Ricard Salvat, 1992) e *Espectros* (Manuel Lourenzo, 1988).

Na actualidade, forma parte do elenco de *Un cranio furado* (*A Skull in Connemara*), a última proposta escénica de Producións Teatrais Excéntricas, compañía coa que tamén actuou en *Obra* (*No Comment*), Premio María Casares 2008 ao mellor actor protagonista.

No mundo audiovisual está especialmente ligado ás teleseries e comedias da TVG, como *A vida por diante*, *Mareas vivas* ou *Apaga a luz*, así como ás curtametraxes galegas *A ti como se che di adeus?* ou *Mofa e Befá: gran liquidación*, pola que recibiu o Premio AGAPI 1996 ao mellor actor co tándem Mofa e Befá, *ex aequo* para R. Sánchez, *Luna*. Entre as canles televisivas de fóra de Galicia para as que traballou figuran Antena 3 (*Un paso adelante*), Tele 5 (*Hospital Central* e *Periodistas*) e a catalá TV3 (*Oh Espanya!*). Canto ao cinema, colaborou nas longametraxes *Fútbol de alterne* (2010), *Mia Sarah* (2005), *Para que non me esquezas* (2004), *O agasallo de Silvia* (2002) ou *O alquimista impaciente* (2000).



MÓNICA DE NUT

Jenny
Jimmy II
Mackie neno

É cantante de ópera, de jazz e de canto de raíz galega con experiencias sonoras de vangardas, así como de interpretación teatral. Realizou estudos de música e piano con Jaime Vilas e de canto coa soprano Patricia Blanco. Máis tarde, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, recibiu tamén clases de canto coa soprano Teresa Novoa e o pianista Alejo Amoedo.

Ademais de ser diplomada en Pedagogía Musical pola Universidade de Vigo, licenciouse na especialidade de canto lírico na Escola Superior de Canto de Madrid coa soprano Ana Rodrigo e a pianista Aída Monasterio, con quen segue a formarse actualmente. Asiste tamén ás clases de canto tradicional na Universidade Popular de Vigo con Chisco Feijoo e ao curso intensivo con Mercedes Peón. Toma clases de canto e improvisación na escola de jazz Estudio de Santiago co seu director e pianista, Suso Atanes, e co cantante Ramón Bermejo, e no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra con Paco Charlín e Abe Rábade.

No eido do jazz foi a voz da banda Monalisa Rarajazz, e actualmente forma o Mónica de Nut Trío co guitarrista Virxilio da Silva e o contrabaixista e baixista Paco Dicenta. Cantou no coro de gospel Black Light Gospel Choir e colabora con Miñor Swing. No mundo da música tradicional, cantou co grupo Brañas Folk, co que gravou o seu último disco, participou en varios concertos de Mercedes Peón como artista convidada e colabora co grupo de pandeireiras A Buxaina.

É soprano solista en grupos de música antiga, renacentista e contemporánea —como Dhamar— e participou en varias montaxes: *Orfeo e Euridice*, de Gluck; *Pomme d'Api*, de Offenbach; ou *Romeo et Juliette*, de Gounod. Máis alternativos son os seus traballos discográficos con ISGA Colective, Litanei, Arte Nut, ou a súa interpretación de *Palabra* na ópera experimental *Off*.

A súa actividade teatral iníciase coa compañía Kasilocos (Jesús Pando e Miguel Condal) na obra *Ligazón*, de Valle-Inclán. Actualmente colabora con La Recua Teatro. No ámbito audiovisual protagoniza a curtametraxe *Movemento voceal* e interpreta a banda sonora de *Galicía 2098*.



MARCOS ORSI

Comezou a súa carreira de actor nos anos oitenta con Arte Livre, no seu São Paulo natal. Con esta compañía dramática, Orsi vén a Europa en 1986 e acaba fixando a súa residencia en Galicia. Sobe ao escenario con diversas compañías teatrais como Teatro do Aquí, Bacana ou Ollomol Tranvía, coas que participa como actor, director ou bailarín nas pezas *Obra (No Comment)*, *O día do pai*, *Go on*, *Non é tan fácil*, *A ópera de a patacón*, *Qui pro quo*, *Ratman e Bobyn*, *Caperucitoloxía*, *Escola de bufóns*, *Raíñas de pedra*, *Commedia un xoguete para Goldoni*, *Fas e Nefas*, *Moleques*, *Narciso e Goldmund* ou *Amar verbo intransitivo*, e exerceu como axudante de dirección de Quico Cadaval en *Un cranio furado (A Skull in Connemara)* para Producións Teatráis Excéntricas.

Para o CDG interveu en oito das súas producións: *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007), *A piragua* (2007) —reestreada en 2009 pola compañía Abrapalabra—, *O ano do co-*

meta (2004), *A comedia do gurgullo* (2003), *A burla do galo* (2000), *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1999), *Un soño de verán* (1992) e *O incerto señor don Hamlet* (1991).

Ten actuado en varias teleseries da Televisión de Galicia entre as que destacan *Matalobos*, *O Nordés*, *As leis de Celavella*, *A miña sogra e máis eu*, *Rías Baixas*, *Galicia express*, *Mareas vivas* ou *Pratos combinados*, así como nalgúns episodios de *El pacto*, *El Comisario*, *MIR* e *Hospital Central*, de Telecinco. No ámbito cinematográfico os seus papeis máis relevantes inclúen interpretacións en *Unha muller invisible*, *O agasallo de Silvia*, *O lapis do carpinteiro* e *Era outra vez*. Tamén ten experiencia no eido publicitario.

Entre os premios que recibiu destacan o Premio Compostela 1992 como mellor actor secundario por *Un soño de verán* e o Premio Compostela 1994 como mellor actor protagonista por *Commedia, un xoguete para Goldoni*.



Jonathan Jeremías Peachum

“

Jonathan Jeremías Peachum é a representación do diñeiro, do capitalismo opresor e da falsa relixión. É o contrapunto de Mackie. É un home de negocios, ten absorbida a cidade de Central City con once sucursais de mendigos que traballan ao seu favor e aos cales lles cobra un aluguer; a súa muller é a súa socia no negocio e ve a súa filla Polly como unha fonte de ingresos.

”



MARTA

Walter Funeral
Toliña das bolsas
Smith

PAZOS

Licenciada en Belas Artes na Facultade de Barcelona, a súa actividade profesional no sector escénico comeza no ano 1996 como *performer*, presentando os seus traballos en Barcelona, San Sebastián e Boloña. Como actriz de teatro, participa nas pezas *Macbeth* da Compañía La Fura dels Baus (1997) e *La mosquitera*, co Grup de Intervenció Pública (1999). En 1999 regresa a Galicia e funda a Compañía Belmondo, coa que protagoniza as obras *Dinamita* (1999), *Lolamento (I'm sorry)* (2002) e *Sidecar* (2004). Durante esta época, centra parte importante do seu traballo no cabaré e no teatro musical e entra no mundo da dirección escénica coa produción *Sen título* para a compañía Arrepentimientos de Padrón, premio ao mellor espectáculo no Festival Internacional de Clown Festiclown 2002.

No 2005 interveu na coprodución do CDG xunto co Centro Dramático de Aragón *Misiles melódicos*, e máis na montaxe de Matarile Teatro *Historia natural*; un ano despois formou parte do elenco das producións do CDG *Illa Reunión*, baixo a dirección de Ana Vallés e *A boa persoa de Sezuán*, dirixida por Nuno Cardoso, así como na produción do Teatro Nacional São João do Porto *María de Buenos Aires*. Tamén exerceu como axudante de dirección en *Kamikaze* (Pistacatro en coprodución co CDG, 2007).

No verán do 2007 funda xunto a Hugo Torres e José Díaz a plataforma de creación en escena Voadora, un proxecto destinado a explorar as novas linguaxes escénicas e co que xa estreou as obras *PeriFeria* (2007), *Super8* (2008) —pola que foi recoñecida co Premio María Casares 2011 á mellor dirección— e *O soño* (2009).

No eido audiovisual, participou nas longametraxes *One day in Europe* e *El año de la garrapata*; gravou as series *Libro de familia*, *A vida por diante*, *Pepe o inglés*, *As leis de Celavella*, *Avenida de América* e *Pequeno Hotel*; rodou unha ducia de curtas, e fíxose cargo da dirección artística da Gala dos Premios María Casares 2010 en colaboración con José Díaz.

Realizou diversos deseños de escenografía para Belmondo, a compañía catalá Mea Culpa e Saprísti.



FRANCISCO PÉREZ “NARF”

Dedotorto | Trobeiro cego


Reparte a súa actividade profesional como compositor e intérprete para música e teatro. Así, no eido teatral compuxo máis de corenta bandas sonoras orixinais, acadando o premio María Casares á mellor música en catro ocasións polas pezas *O segredo dos Hoffman*, *Sidecar*, *Río Bravo'oz* e *Finis Mundi Circus*. Compuxo tamén por encargos para as Expos de Lisboa, Hannover e Zaragoza, así como a peza sinfónica *A canción das árbores danzantes*, estreada en agosto do 2005 co gallo da toma de posesión de Emilio Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia.

Para o CDG compuxo a música dos espectáculos *Salomé* (2010) e *A boa persoa de Sezuán* (2008), e recibiu o premio da crítica de Barcelona en 1995 ao mellor espectáculo musical do ano por *Annus Horribilis*, no cal, ademais de compoñer a música, interpretou o personaxe principal.

Como actor-cantante destaca o seu papel protagonista na montaxe *Sebastião o Menino Rei*, de Sinde Filipe e Laurent Filipe, estreada por encargo da Expo 98 de Lisboa, así como a súa participación en *O labirinto dos sonhos*, para a compañía portuguesa Trigo Limpo Acert.

Como cantautor, baixo o nome artístico de Narf, editou tres discos orixinais e percorreu importantes palcos por todo o mundo, tocando en cidades como Londres, Bos Aires, São Paulo, Salvador da Bahia, Maputo, Bissau, Recife, Varsovia, Nova Delhi, Katmandú, Estocolmo... Recentemente acadou o número un no *top ten* das listas de éxitos da RDP África co seu proxecto *Aló Irmão*, que comparte co artista guineano Manecas Costa.

No 2006 acadou o segundo premio no festival da canción en linguas minorizadas Liet Lavlut de Suecia, como representante da lingua galega coa súa canción *Santiago*.



“

*Polly Peachum é filla dun dos maiores delin-
cuentes da cidade, non menos delincuente que
Mackie Navalla, porque é un home que ten un
negocio que se dedica a equipar mendigos. Polly
escapa da casa e casa con Mackie. Aparente-
mente é pura dozura, inxenuidade, inocencia...
pero ten moitas capas. É unha actriz, fai o que
lle dá a gana, e realmente esconde no fondo
unha muller moi astuta, moi estratego e moi for-
te. Esta é unha obra na que circulan prostitutas,
mendigos, vagabundos... non hai ningunha per-
sonaxe limpa de verdade e Polly, sendo filla de
quen é, non é unha excepción.*

”



MURIEL
SÁNCHEZ

Polly Peachum

Licenciada en Interpretación pola Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid (RESAD), estuda tamén Canto e Piano no Conservatorio Profesional de Música. Completa a súa formación como actriz e cantante no estranxeiro, estudando en escolas como a Central School of Speech and Drama e a Arts Educational School (Londres) ou no Centro di Formazione Teatrale Venezia Inscena (Venecia).

Desenvolve a maior parte da súa actividade no ámbito teatral, traballando en numerosas producións nacionais e internacionais. Actriz da Compañía Nacional de Teatro Clásico desde o ano 2006, protagoniza obras como *La Estrella de Sevilla* (2009-2010), *Romances del Cid* (2006-2008) e *El pintor de su deshonra* (2008-2010), as tres dirixidas por Eduardo Vasco; *Un bobo hace ciento* (Juan Carlos Pérez de la Fuente, 2010-2011), *El condenado por desconfiado* (Carlos Aladro, 2009-2010) e *El curioso impertinente* (Natalia Menéndez, 2007-2008). Co CDG protagoniza *Ricardo III* (2005), dirixida por Manuel Guede, e *Seis personaxes en busca de autor* (2005), baixo as ordes de Xúlio Lago.

Coa compañía italiana Venezia Inscena traballa en diversos espectáculos de *commedia dell'arte*, como *Il bugiardo sincero* (2006)

e *L'eredità di Pantalone* (2007), ademais de intervir como cantante soprano na montaxe *El Año Santo en Madrid* para a Compañía Delabarca, resultado da dilatada experiencia de Nuria Alkorta na investigación e representación escénica da obra de Calderón. Noutras producións, traballou ás ordes de directores como Helena Pimenta, Olga Margallo, Ignacio García, Antonio Zancada, Manuel Lourenzo, Adriano Iurissevich ou Charo Amador, para quen actúa, entre outras, na montaxe *La ópera de cuatro cuartos*, tamén no papel de Polly Peachum.

No sector audiovisual, actuou en longametraxes como *Conexión* e *Afranío*, así como en diversas series de televisión, tanto de ámbito estatal como autonómico, entre as que destacan *El Comisario* (Telecinco), *Cuéntame cómo pasó* (TVE), e a galega *Rías Baixas*, que protagonizou durante tres temporadas.



BEGOÑA

SANTALICES

Señora Peachum

“

O marabilloso desta personaxe e como mellor se poder definir á Señora Peachum é como un toliña. É puro nervio, está sempre alterada, e ten uns cambios de humor moi frecuentes. É unha alcohólica, porque está continuamente bebendo, pero séntalle ben. Ten que manexar o cotarro —gústalle dirixir e controlalo todo— e leva toda a vida comerciando cos mendigos. É a alma da familia Peachum... quere o mellor para a súa filla Polly e ten un puntinho entrañable.

”



Actriz e cantante, a súa formación profesional (tanto no campo das artes escénicas coma no das ciencias da información) transcorre por Galicia, Madrid e Valencia. Comeza a súa aprendizaxe en Vigo, asistindo a diferentes cursos de danza, expresión corporal, mimo, teatro, etc., pero trasládase a Madrid para seguir cos seus estudos de Xornalismo. Alí continúa a súa formación en diferentes escolas de interpretación ata que se establece definitivamente en Valencia, onde traballa como actriz, cantante e bailarina, ademais de impartir diferentes talleres de expresión corporal, voz e movemento.

Na súa traxectoria de actriz destaca a creación en 1987 da compañía de teatro Yllana, coa cal puxo en escena as montaxes *La cantante calva* e *Mu*. Posteriormente intervéñen nas producións *Ropa interior, ropa íntima, La ficción de los actos, La revolución transparente, Treze, Las arrecogidas del beaterio de Sta. M. Egipcíaca, Shoe box, Realidad bartual, Curvas Cocteau, Merlín, el regreso de la magia*, a zarzuela do mestre Serrano *La dolorosa, Iluminando la noche, Vine vine son* e *Sky Train*. Noutras facetas escénicas, foi axudante de dirección de Enrique Belloch en *Bumerán* e de Esteve Ferrer en *C'est la vie*.

En cine actuou nas películas *L'orella del lladre*, de Rafael Gassent, *Tranvía a la Malvarrosa*, de José Luis García Sánchez e *Carambolas*, de Jesús Font, e colaborou nas series de televisión *Benifotrem* e *Un altra oportunitat* para Canal 9 TVV, *La vida de Miguel Servet* para TVE, ou *La huella latente*, para Discovery Channel.

Autora das obras de teatro *Niñas fashion, niñas merienda; K V Carlos el hambriento* e *Sin talento*, escribiu tamén en colaboración con Idoia Rossi o relato *El Mesías habichuela y la sirena rampante*, e a novela *La lavandera anestesiada*.

É cantante do grupo de blues G.N.P. e do grupo funk B6.



SERGIO

Filch | Patacón
Smith

ZEARRRETA

Procedente do teatro afeccionado, comeza a súa traxectoria no grupo escolar Sardiña (A Coruña, 1992-1995) colaborando nas montaxes *Gemelos*, *Miles Glorious* e *Anfitrión* e, posteriormente, forma parte da Aula de Teatro Maricastaña da Universidade de Vigo (campus de Ourense, 1995-2000) actuando en *Ubú rei*, *Terror e miseria da nación poderosa*, *Hamlet*, *No tempo do crepúsculo* e *O país das últimas cousas*, baixo a dirección de Fernando Dacosta.

A súa primeira experiencia profesional foi no 2001 coa compañía Teatro á Deriva nas obras *Novecento* e *Proxecto Durden*, ás que seguiron o texto de Rubén Ruibal *Trafic (arroz mubi)* para a compañía Patatín Patatán Súper Productions e *En alta mar*, para Teatro do Grilo. No 2002 intervéñen nas pezas de Matarile Teatro *Acto seguido* (2003) e *Historia Natural* (2005) con dirección de Ana Vallés, para quen tamén traballou na produción do CDG *Illa Reunión* (2006).

Actualmente podemos velo sobre as táboas en *Super8* (2009), a cargo da plataforma Voadora en coprodución co CDG e con dirección de Marta Pazos, e protagonizando *Limpeza de sangue* (2010), a última produción de Espello Cóncavo baixo a dirección escénica de Arturo López e baseada no libro homónimo de Rubén Ruibal (Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais do ano 2005, Premio Nacional de Literatura Dramática 2007 e Premio María Casares 2011 ao mellor texto teatral en galego).

Canto ao audiovisual, vén de protagonizar o filme *Crebinsky*, de Quique Otero, xunto a Luis Tosar, Miguel de Lira e Celso Bugallo, e para a pequena pantalla figurou nas series da Televisión de Galicia *Matalobos*, *Padre Casares*, *A vida por diante*, *As leis de Celavella*, *Os Atlánticos* e *Pratos combinados*, así como en *Piratas* de Telecinco.

Noutras facetas, desde o 2007 é voz e compositor do grupo Lamatumbá, un dos nomes de referencia no panorama musical galego.





Equipo artístico

12

PEPE Sendón

Tradución do texto orixinal e adaptación das cancións

Combina desde os seus inicios as facetas de músico e escritor. Iniciouse a finais dos anos oitenta en grupos de *performance* e bandas de rock como Nicho Varullo e Os Quinindiola. Na década dos noventa escribiu unha serie de comedias musicais de éxito xunto a Fran Pérez, Narf, para o grupo Chévere (*Río Bravo'02*, *Big Bang*, *Annus Horribilis...*) e participou na fundación da Sala Nasa de Santiago, onde se ocupou da programación musical ao tempo que integraba a banda residente, colaborando con múltiples artistas do mundo musical e teatral.

Colaborou con compañías como Artello, Factoría, Mofa e Befá, Cía de María, Trigo Limpo, Bacana e o propio CDG. En 1998 forma a banda multimedia Psicofónica de Conxo, coa cal edita dous discos. Escribe e dirixe o traballo audiovisual infantil *O labirinto dos sonhos*, que tamén levou á escena en Galicia e Portugal. Nos últimos anos participou en proxectos musicais como Narf, Bumba e U-lo Trío? Traduciu ao galego obras de Oscar Wilde, J. M. Barrie, Edward Thomas, David Harrower, Joe Giffless ou Charles Bukowski.



BALTASAR Patiño

Deseño do espazo escénico e da iluminación

Cofundador de Matarile Teatro, desenvolve a súa actividade profesional en diferentes ámbitos artísticos que van desde o deseño de iluminación ata a creación de espazos escénicos, pasando pola composición musical.

Na súa traxectoria como escenógrafo, entre os seus últimos traballos destacan os realizados para Matarile Teatro en *Cerrado por aburrimiento* (2010), *Animales artificiales* (2008) e *Truenos y misterios* (2007); o Centro Dramático Galego en *As dunas* (2009), *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007) e *Illa Reunión* (2006); o Centro Coreográfico Galego (CCG) en *Vacuo* (2007); o Auditorio de Galicia en *Voz humana* (2010); a compañía Producións Teatrais Excéntricas en *Obra (No Comment)* (2008); Producciones Concha Busto de Madrid en *Cosmética del enemigo* (2008); ou Teatro de la Abadía en *Me acordaré de todos vosotros* (2007).

Como iluminador, asinou tamén as devanditas montaxes de Matarile Teatro, ademais de traballar co CDG en *Salomé* (2010), *As dunas* (2009), *Estigma* (2008), *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007), *Illa Reunión* (2006); co CCG en *Kiosco das almas perdidas* (2008) e *Vacuo* (2007); co Centro Dramático Nacional (CDN) en *Estupendos* (2010), *Sí pero no lo soy* (2008) e *La persistencia de la imagen* (2006), así como con outras compañías profesionais como Producións Teatrais Excéntricas en *Un cráneo furado* (2010) e *Obra (No Comment)* (2009); Voadora Teatro en *Super8* (2010); Sapristi en *Vaia tormenta* (2009) e *So-sobre* (2006); Teatro de la Abadía en *Me acordaré de todos vosotros* (2007); e a compañía de danza Quique Peón en *Ovay* (2009), entre outras.

En 1989 funda o grupo de música Cronopios e, seguindo nesta faceta musical, é o responsable da composición e das mesturas de varias producións de Matarile, grupo co que tamén realiza tarefas como axudante de dirección. Foi recoñecido cos premios María Casares á mellor iluminación por *Historia natural* (2005), *O ano do cometa* (2004), *Acto seguido* (2003), *Si o vello Sinbad volve á illas* (1999), *Teatro para camaleóns* (1998) e *Negro é negro* (1996), así como ao mellor espazo escénico por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007), *O ano do cometa* (2004), *Negro é negro* (1996) e *Zeppelin nº 7* (1996). Obtivo tamén o Premio Abrente 2010 do MIT de Ribadavia polo seu labor á fronte de Matarile Teatro, o Teatro Galán e o Festival Internacional “En Pé de Pedra”, ademais do Premio Compostela polo deseño de iluminación de *Café acústico* (1992) e *Deriva* (1993). Cómpre destacar finalmente a súa nominación ao Premio Max 2009 na categoría de mellor deseño de iluminación polo seu traballo na montaxe do CDN *Sí pero no lo soy*.

“

O espazo escénico e a iluminación é unha bandexa na que servir actores. Eu traballo en sintonía con Quico Cadaval. E aínda que na escenografía si utilizo conceptos que aplicaba Bertolt Brecht, como nos paños e en pequenos detalles que recordan ao teatro xogado, emprego outros xogos que persoalmente creo que lle terían gustado.

Ao realizar o traballo de luz e espazo, abordo de forma conxunta as dúas ideas, o cal é unha vantaxe. Estame a interesar moito o que acontece cando se pon unha personaxe que é moi decrépita sobre un espazo moi limpo, de liñas moi rectas.

O espazo escénico está composto, en verdade, por catro escenarios dentro dun. Hai un primeiro escenario, que permite unha serie de xogos, situado nun plano elevado, onde moitas veces se presenta a escena, que logo se realiza noutro espazo un pouco máis baixo. Este escenario máis baixo en realidade ten un proskenion cun chan iluminado. E finalmente, hai outro espazo que é o dos músicos, colocado nun medio lateral, que ten que ver cunha das primeiras postas en escena do espectáculo. Pero como os arquitectos non saben facer o seu traballo canto teñen que deseñar un teatro, fixemos unha especie de foxo dentro do propio escenario, non só para que o público poida gozar dos músicos, senón tamén para que músicos e actores-cantantes estean todos xuntos. Isto permitirá unha serie de xogos que prefiro non desvelar.

”



✿ CARLOS Alonso

Deseño do vestiario

De formación autodidacta, iniciou a súa traxectoria artística na Farándula, un dos grupos máis importantes do teatro independente galego nos anos setenta e principios dos oitenta. Posteriormente orientou a súa actividade ao mundo do deseño escénico no que se manexa nos últimos anos, sumando máis de setenta propostas de creación de escenografías e vestiario.

Nos últimos dez anos, asinou traballos para compañías como: Tanxarina en *Trogloditas* (vestiario, 2011); Abrapalabra en *Memoria das memorias dun neno labrego* (escenografía e vestiario, 2011); Abada Teatro en *Humor negro* de Carlos Blanco (escenografía, 2008); Talía Teatro en *Palabras encadeadas* (escenografía, 2010), *E ti, quen vés sendo* (escenografía e vestiario, 2008), *O merlo branco* (escenografía e vestiario, 2005), *Esperando a Godot* (vestiario, 2005), *A paz do crepúsculo* (escenografía e vestiario, 2003), *Bicos con lingua* (escenografía e vestiario, 2002) ou *Xustiza infinita* (escenografía e vestiario, 2001); Teatro do Atlántico en *Unha primavera para Aldara* (escenografía e vestiario, 2009); Teatro do Morcego en *A Nona* (escenografía e vestiario, 2010), *Saltimbanquis* (escenografía e vestiario, 2009), *Kvetch, ou rosmón* (escenografía e vestiario, 2009), *A farsa do Bululú* (vestiario, 2006), *O circo de Leningrado* (vestiario, 2005), *A gran ilusión* (vestiario, 2003), *Momo* (vestiario, 2002) ou *Os vellos non deben de namorarse* (vestiario, 2001); Pistacatro en *Purgatorio* (escenografía e vestiario, 2008) ou *Kamikaze* (escenografía e vestiario, 2007); Factoría Teatro en *Tío Vania* (vestiario, 2006), *Canto do dime-dime* (escenografía e vestiario, 2003) ou *Coitelos nas galiñas* (escenografía e vestiario, 2001); Chévere en *Testosterona* (escenografía, 2009), *Alá ao fondo hai sitio abondo* (escenografía e vestiario, 2008), *Tentacular* (escenografía e vestiario, 2005), *Río Bravo'02* (escenografía e vestiario, 2002) ou *O navegante* (escenografía e vestiario, 2001); Teatro de Ningures en *Bailadela da morte ditosa* (vestiario, 2009), *Atra Bile* (vestiario, 2009), *Emigrados* (vestiario, 2007), *Misericordia* (vestiario, 2006), *Tartufo* (vestiario, 2005) ou *Fausto* (vestiario, 2001); Ollomoltravía en *Polición* (escenografía e vestiario, 2001) ou *Niquiñaque* (escenografía e vestiario, 2000); Uvegá Teatro en *Pallasos* (escenografía e vestiario, 2004), *Mulleres* (escenografía e vestiario, 2002) ou *A señorita Xulia* (escenografía e vestiario, 2000).

Para a compañía de teatro pública galega, colaborara anteriormente nas producións *A piragua* (escenografía e vestiario, 2007), *Tará-chispum!* (escenografía e vestiario, 2007), *O ano do cometa* (vestiario, 2004), *A comedia do gurgullo* (vestiario, 2003), *O peregrino errante que cansou ao demo* (escenografía e vestiario, 1997), *Hostia* (vestiario, 1996) e *Nau de amores* (escenografía e vestiario, 1995).

Recentemente, deseñou o vestiario para o filme *Crebinsky*, de Quique Otero. Foi recoñecido cos premios María Casares ao mellor vestiario por *Trogloditas*, *Unha primavera para Aldara*, *Tío Vania*, *O ano do cometa*, *A comedia do gurgullo*, *Momo* e *Fausto*, así como ao mellor espazo escénico por *Unha primavera para Aldara* e *Río Bravo'02*.



“

Os primeiros contactos e conversas (tan importantes) leváronnos aos anos vinte, ao expresionismo, á emigración, á miseria e á riqueza. Falamos tamén dos diferentes ambientes e atmosferas onde transcorre a obra: os baixos fondos, o puterío, os bordeis, as comisaría... e por aqueles lugares por onde transcorren as andanzas deste Mackie rompecorazóns, pero non tanto!

Hai un grande almacén de roupa onde o señor e a señora Peachum visten e organizan a todos os desherdados da cidade. Do mundo? E se todos os personaxes da obra se vestisen nese almacén? É unha posibilidade, un punto de partida...

E que hai dos tons e cores que cada ambiente pode necesitar? Grises para a emigración? Ocre para os moínantes? Cores cálidas para os interiores do bordel? Todo é posible, ou non. Xa se verá. Hai que investigar e niso estamos, para conseguir ese ton dos vellos espectáculos retidos na memoria, como un recordo onírico e perdido no tempo. O musical, o cine, a ópera, o barracón de feira.

”

RAMÓN Bermejo

Dirección de canto

Fórmase musicalmente en Barcelona, no Conservatorio e no Taller de Músics, enfocando os seus pasos cara ao jazz. Canta en diversas formacións vocais mentres estuda técnica vocal, canto, solfexo, harmonía, improvisación, etc. Estuda e participa en seminarios con Hellen Gallagher, Margot Hanson, Barry Harris, Chuck Israels e outros. Asistiu a cursos de técnica vocal na escola Roy Hart (Francia), e estudou a mesma disciplina con Vicente Fontes (RESAD) e Helen Rowson (Voice Craft, nivel 2).

No ano 1987 funda en Barcelona o cuarteto vocal *Baobab*, co cal obtén o primeiro Premio no Festival Internacional de Jazz de Getxo en 1988.

Actuou nos principais festivais de jazz (Getxo, Barcelona, Terrassa, Pamplona, Andorra), televisións e clubs de jazz. Impartiu clases no Taller de Músics de Barcelona durante tres anos.

En Galicia ensina na Escola Estudio (Santiago de Compostela) e imparte multitude de cursos para cantantes, actores, locutores, etc.

Colabora con gran cantidade de grupos teatrais (Chévere, Berrobambám, Manicómicos, Bacana, Talía Teatro, Teatro do Morcego, Buratini...) e diversas formacións musicais. Funda e dirixe o coro A Ra e o quinteto vocal Tristáns.

Desde o 2006 ata o 2010 traballa como profesor de Canto e Técnica Vocal na Escola de Teatro de Narón.



“

Que me encargaran preparar as partes cantadas desta obra de teatro foi un estupendo regalo. Significaba, antes que nada, participar nun proxecto moi especial ao lado dunha xente de gran nivel artístico e persoal, aos cales admiro. A nivel profesional, o reto era traballar con intérpretes de moi diferentes estilos e niveis de preparación vocal e intentar conseguir un certo equilibrio no son resultante. En realidade o traballo foi simplemente axudar a que o elenco aprendese as cancións de forma solvente, superando os escollos técnicos e musicais que apareceron, e des-

pois deixar que as personaxes que foron creando baixo a dirección maxistral de Quico Cadaval as fixesen súas. Por último chegaron a excelente orquestra e o director musical Diego García, que finalmente converteron todo na festa musical que é A ópera dos tres reás. Non sabedes ben canto aprendín e gocei traballando con todos eles (e coa xente do CDG, e con Nuria, Catia, Anabel, Baltasar...), e por suposto, con Suso Alonso, que fixo un impecable traballo e me facilitou tanto as cousas.

”

SUSO Alonso

Coordinación musical

De formación musical clásica, a principios dos anos noventa comezou combinando música e teatro coa compañía Chévere na ópera musical *Annus Horribilis*, (Premio da crítica de Barcelona 1995) e seguiu coas montaxes *A rutina é o deber de todas as criaturas*, *Resaca*, *Órbita Mutante* (Premio María Casares 1998 á mellor música orixinal) e *Hot Potch*. Foi tamén o intérprete musical en *Transviriato* da compañía portuguesa Acert, así como intérprete e compositor da música orixinal do espectáculo *O xardín dos contos* de Teatro Galileo, ademais do documental *La columna de los 8000* (coautoría co chelista Carlos Ariel) baseado nos horrores da guerra civil en Estremadura. Realizou o arranxo para piano da obra *As árbores danzantes* de Francisco Pérez, interpretada polo pianista Lorenzo dos Santos na investidura de Emilio Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia.

Interveu como pianista en *Lilí Berlín*, espectáculo músico-teatral-cabaré, xunto á actriz e cantante Blanca Cendán e ao chelista Carlos Ariel, baseado no repertorio de Brecht-Kurt Weill. Con esta formación actuou en xuño do 2006 na pasarela Gaudí para acompañar o desfile da colección de noivas do deseñador Josechu Santana. Un mes despois interpretou xunto co actor Víctor Mosqueira a música da banda sonora da película *Delicatessen*, composta para serra e violonchelo. Entre outros traballos figuran os realizados como arranxista e músico en directo na obra *O Burgués Fidalgo* (2007), para a compañía Teatro do Morcego baixo a dirección de Celso Parada, e a composición da música do espectáculo *Sen Título 4x8x6* (2007), de Marcelino de Santiago para os Monicreques de Kukas.



Adoita acompañar coa súa música as películas de cine mudo do cineasta vigués José Gil e realiza colaboracións musicais co dúo cómico formado por Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo: Mofa e Befa, cos que colaborou na obra *Alma Mareira* (2006) da compositora Graciane Finzi baixo a dirección de Ros Marbá.

No 2007 participou como intérprete en directo (en compañía de Bernardo Martínez e Mon Orenco) da música da obra *Noite de Reis. Ou o que queirades* producida polo CDG e, posteriormente, compuxo e interpretou ao piano a música de *Obra (No Comment)*, de Producións Teatrais Excéntricas, pola que recibiu o Premio María Casares 2009 á mellor música orixinal.

Forma parte do grupo Di Elas (a formación liderada por Luis Tosar) tocando órganos e pianos e, desde 1998, do grupo multimedia Psicofónica de Conxo. Actualmente participa na edición das *Suites para viola de gamba e continuo* de J. S. Bach que realizou o mestre Plamen Velez en adaptación para tres violonchelos.

Posúe unha ampla experiencia docente como profesor e como director de coro, traballos que compaxina coa transcripción e dixitalización das partituras como *Saturnal*, de Manuel Balboa; *Canto Negro*, de X. Montsalvage; e *Tres Cancións*, de Eduardo Toldrá, todas elas para a Real Filharmonía de Galicia.

✿ MÓNICA García

Coreografía

Emerxente creadora do panorama actual da danza no noso país, Mónica García é titulada en Coreografía e Técnicas de Interpretación da Danza polo Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid.

Aínda que posúe unha ampla formación de danza, a súa traxectoria creativa, iniciada no 2003 coa obra *Naranjas de la China* realizada xunto a Paloma Díaz, enmárcase na danza máis contemporánea. E nela destacan as súas colaboracións con Daniel Abreu, con quen xerou dous espectáculos: *Y eso que no me dejaban ver Dallas* (2004), montaxe gañadora do XVIII Certame Coreográfico de Madrid, e *Mínimos* (2005), traballo realizado en residencia artística no Espazo do Tempo de Portugal.

No festival En Pé de Pedra de Santiago de Compostela estrea *Bungaló* (2004), o seu primeiro traballo en solitario, reclamado en escenarios nacionais e internacionais aínda na actualidade, e no 2008 realiza a coreografía xunto a Ricardo Santana da obra *Sí, pero no lo soy* de Alfredo Sanzol para o Centro Dramático Nacional.

É unha das artistas colaboradoras de *En Residencia*, un proxecto de Marc Rees para o Teatro de La Laboral en Xixón en 2009, en colaboración con Chaptles Arts Center de Cardiff (Gales).

Os seus traballos máis recentes son *Abiba*, peza creada para unha intérprete dentro do festival Ellas Crean, estreado no Museo Centro de Arte Raíña Sofía de Madrid, o trío *I really want to stay here now*, un traballo de colaboración con Ricardo Santana e Iván Marcos estreado no festival Empape da Coruña en xuño de 2010, e *A velocidade das cousas*, en coprodución co Centro Coreográfico Galego e estreado na Sala Nasa de Santiago de Compostela.

Como bailarina, formou parte das compañías de Catherine Diverrés para o Centre Chorégraphique National de Rennes et de Bretagne en Francia, no Staatstheater Darmstadt en Alemaña, Teatro de la Abadía, Matarile Teatro, na compañía 10 & 10 e Provisional Danza, entre outros. Traballou como asistente de coreografía en *Das Haus der Bernarda Alba* dirixida por Mei Hong Lin para o Staatstheater Darmstadt e como profesora de danza e solista da compañía.

É cofundadora do colectivo *Y lo real fulgura* e actualmente compaxina o seu traballo como profesora, intérprete e coreógrafa entre Asturias, Galicia e Madrid.



www.centrodramatico.org

www.aoperadostresreas.info

E tamén na páxina de facebook:

<http://www.facebook.com/pages/A-ópera-dos-tres-reás/189694807743568>



centro
dramático
galego

2011
ano da
música

trisqueña



A Ópera dos **TR3S** Reás

Dirección e dramaturxia de
QUICO CADAVAL

Dirección musical de
DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

de **BERTOLT BRECHT** e **KURT WEILL**
con **LUIS TOSAR**

www.aoperadostresreas.info

DIE DREIGROSCHENOPER
BERTOLT BRECHT/KURT WEILL
UNIVERSAL EDITION A.G.



novacaixagalicia

FUNDACIÓN GAIÁS
CIDADE DA CULTURA



fundación cidade
da cultura de galicia

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA